



Vista a solicitude para reparqueo de mexillón presentada por Socomgal, para realizar traslados de mexillón os días **15/12/2025 ata 24/12/2025** dende:

- Ría de Vigo, zona I, subzonas I.1, I.2 e I.3 polígonos Cangas F-G-H.

Cara ó polígono de reparqueo:

- Ría de Vigo, polígono Cangas D, cuadrícula 85 Rep. Socomgal 1, cuadrícula 86 Rep. Socomgal 2, cuadrícula 89 Rep. Socomgal 5 e cuadrícula 73 Rep. Socomgal 6.

INFORMO:

1. Os polígonos de orixe Cangas F-G atópanse pechados dende o día 24/10/2025 e o polígono Cangas H está pechado dende o 25/10/2025 por un episodio de toxinas Lipofílicas.
2. A zona de reparqueo polígono Cangas D é, a priori, unha zona onde a diminución da toxicidade poder verse favorecida.

Polo que considero procedente **AUTORIZAR** os traslados solicitados.

Cómpre indicar que a mostraxe na batea de destino virá condicionada aos requirimentos do programa de control de biotoxinas levada a cabo por Intecmar.

Vilaxoán, sinatura electrónica
O subdirector do Intecmar

José Molares Vila

Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura
DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
CONSELLERÍA DO MAR

